



Paraíso
entre ríos

PADERNE AGOSTO 2018

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Celebramos esta V edición da Mostra do Branco Lexítimo na aldea de Esperela dando así un novo enfoque á cita co Branco Lexítimo; un cambio que sorprendeu gratamente a tódalas persoas, visitantes e participantes, ilusionando enormemente ós veciños da aldea, que facilitaron as súas propiedades e colaboraron en todo momento para que estes dous días lucisen o mellor posible cedendo as súas adegas e galpóns para o desenvolvemento dos actos e a instalación das distintos colleiteiros que participaron na Mostra.

A Capela de Esperela figurou no programa coa celebración nela de charlas especializadas e os concertos das corais, dando un toque de elegancia e distinción ós mesmos e enchendo de admiración ás persoas que descoñecían este fermoso ben patrimonial. Unha edición na que destacaron as intervencións da Fundación Juana de Vega, do CSIC, do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo, da Estación de Viticultura de Galicia e da D.O.P. de Cangas o que ven a dar prestixio ó traballo que se está a realizar desde Paderne co Branco Lexítimo. Acadando un alto nivel de especialización, serviu tamén para a realización de catas para a Guía de Viños de Galicia 2019 de Luís Paadín que, acompañado polo seu fillo Alejandro, prestixioso sumiller, foi instruindo ós presentes nas cualidades desta caste.

Podemos presumir de ter logrado un altísimo nivel de especialización; a representación científica que nos acompañou ven a respaldar o bo traballo que se está a facer desde Paderne e do que xa estamos a vislumbrar os froitos coa inversión de capital e a recuperación de terras para a plantación de cepas de Branco Lexítimo ampliando a unhas 13 hectáreas os terreos recuperados para viñedos. É importante sentar unhas bases sólidas para dar, ó Branco Lexítimo, a proxección de futuro que pretendemos.



O Presidente da Deputación da Coruña quixo achegarse a Paderne un ano máis coa ilusión de compartir este importante acontecemento que se realiza tamén ó amparo da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Debemos destacar que esta edición da Mostra contou coa presenza da empresa Orballo, unha empresa de Paderne ubicada en Donín que estreaba distintivo de calidade da Reserva de Biosfera, sendo unha das tres primeiras empresas que recibiron este certificado a nivel mundial.

Todo este traballo, tanto co Branco Lexítimo, como co que se está a facer ó amparo da Reserva da Biosfera, fai que me sinta moi ilusionado porque vamos polo camiño de recuperar as terras abandonadas, xerar emprego e riqueza, ademais de facer que Paderne sexa un referente de calidade e prestixio que brille con nome propio.

O voso Alcalde



O Alcalde co deputado Xosé Varela na sinatura do Convenio coa Deputación



As tres empresas premiadas xunto cos representantes da Reserva de Biosfera despois da entrega dos galardóns



Os nenos e nenas que acudiron a recoller os seus diplomas con unha das súas monitoras e o Alcalde



O Alcalde cos organizadores do Campionato e os premiados nas instalacións do Clube de Golf Paderne

Sinatura de Convenio coa Deputación da Coruña

O Alcalde asinou, o pasado día 5 de xuño, un Convenio mediante o cal se van a realizar as obras contempladas no proxecto de "Mellora e ampliación da traída de augas municipais, saneamentos municipais e depuradoras municipais". Cunha dotación de 120.000 €, contempla a ampliación da traída de augas de Obre e Paderne, a mellora da traída de augas da parroquia de Velouzás e a mellora da traída de augas de Souto, ademais da substitución de bocas de rego en diversos puntos da traída ó seu paso polas parroquias de Adragonte, Quintas e Souto así como a reparación do depósito de Souto.

Obtención do distintivo de Calidade da Reserva de Bisofera

O pasado 7 de xuño entregáronse os primeiros certificados de marca de calidade a tres empresas da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo, converténdose na primeira de España que conta con este distintivo para produtos do seu territorio. O Alcalde de Paderne e Vicepresidente desta Reserva de Biosfera, participou orgulloso no evento que se celebrou na sede da empresa Orballo, en Donín Paderne, que ademais foi unha das tres premiadas, mostrando a súa satisfacción polo traballo que están a realizar e que foi merecedor desta importante distinción, non só a nivel estatal senón tamén a nivel mundial dado que foi a primeira reserva do planeta en recibir estes certificados.

O premio responde ó gran traballo e esforzo que se está a realizar en favor do medio ambiente, de loita contra a desertización do rural revalorizando este medio e de impulso á economía, polo que consideran que se está a levar un bo camiño para a defensa do territorio.

Clausura das actividades extraescolares

O acto de clausura tivo lugar o 20 de xuño no Salón de Sesións da Casa do Concello. O Alcalde convocou a tódolos nenos inscritos que participaron de setembro a xuño na oferta educativa e deportiva ofrecida durante o curso escolar.

X Edición do Campionato de España Senior de Pitch&Putt

O Clube de Golf Paderne albergou, os días 7 e 8 de xullo, a décima edición do Campionato de España Sénior de Pitch&Putt contando co Alcalde para o acto de entrega de trofeos. É o cuarto Campionato de España de Pitch & Putt consecutivo que organiza o Club de Golf Paderne nas súas instalacións.

Paderne solicita catro novos obradoiros de emprego

O Concello de Paderne centra os seus esforzos no **EMPREGO** adoptando medidas que logren satisfacer as demandas e necesidades da poboación. Os obradoiros de emprego son unha delas.

Levamos anos traballando moito co obxectivo de conseguir para as persoas de Paderne esta importante vía de acceso ó mercado laboral converténdonos no Concello, de menos de 20.000 habitantes, que máis obradoiros de emprego desenvolveu de todo o entorno.

Despois dos tres nos que participamos no ano 2017, vimos de asinar a solicitude de outros **catro neste 2018** en colaboración con outros Concellos.

Son os seguintes:

- **ACORDO DE COLABORACION ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS, CARRAL, COIRÓS, OZA-CESURAS E PADERNE PARA A SOLICITUDE DO OBRADOIRO DE EMPREGO "RESERVA DA BIOSFERA: EMPREGO NO RURAL"**

Nas especialidades de fruticultura (10 alumnos) e produción de semillas e plantas en viveiro e, complementariamente, actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (10 alumnos)

- **ACORDO DE COLABORACION ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, CARRAL, COIROS E PADERNE PARA A SOLICITUDE DO OBRADOIRO DE EMPREGO "A DEPENDENCIA: ALTERNATIVA DE EMPREGO"**

Nas especialidades de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (10 alumnos) e promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade (10 alumnos)

- **ACORDO DE COLABORACION PARA A SOLICITUDE ENTRE OS CONCELLOS DE MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME DO OBRADOIRO "SOCIOSANITARIO III"**

Na especialidade de atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais (20 alumnos)

- **ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO, BETANZOS, CARRAL, COIROS E PADERNE PARA A SOLICITUDE DO OBRADOIRO DE EMPREGO "EMPRENDEMENTO XUVENIL"**

Nas especialidades de promoción turística local e información ao visitante (10 alumnos) e instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes (10 alumnos)

Plan de Banda Larga 2020 e

Programa de Extensión Banda Larga de Nova Xeración

A Xunta de Galicia, co Plan de Banda Larga 2020, e a Administración Xeral do estado, co Programa de Banda Larga de Nova Xeración, están a promover despregamentos de redes untrarrápidas de acceso a Internet.

En Paderne, e nesta primeira etapa, van a beneficiarse deste servizo de acceso a Internet de máis de 100 Mbps simétricos mediante fibra óptica, os seguintes núcleos de poboación: PADERNE, CHANTADA, SOUTO, CONDÓS, TERCIO, MONTECELO e PORTO.

Isto vai a significar un gran avance para o desenrolo do Concello facilitando a dinamización e funcionamento do Coworking que se vai a desenvolver na antiga escola de Souto.

Aprol-rural. Servizo de limpeza e desbroce

Segundo a Orde do 31 de decembro de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2018, ven de recibirse unha subvención de **22.488,12 €** para a contratación de **2** peóns forestais por un período de **9** meses.

Axudas da Deputación da Coruña

- **PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL.** Do Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego. Sección de Promoción Económica e Emprego; contempla a execución de obras e servizos mínimos municipais dos Concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2018. Importe subvención: **24.959,52 €**. Para **4** peóns. Duración: **5** meses e **29** días.

- **LIMPEZA DE PRAIAS.** Do Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente. Sección Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente dentro do Programa de subvencións para limpeza de praias marítimas dirixido a concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2018. Importe subvención: **9.196,61€**. Para **3** peóns. Duración: **2** meses e **28** días.

- **TÉCNICO DEPORTIVO.** Do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes. Programa de subvencións a concellos e entidades locais para a contratación de persoal técnico-deportivo durante o ano 2018. Importe: **9.240,00 €**. Para **1** técnico deportivo. Duración: ata o 31 de Decembro de 2018.

Bono Social

Ampliouse o prazo, ata o próximo 8 de outubro de 2018, para que os consumidores que actualmente estean acollidos ao esquema anterior, de outubro de 2017, poidan solicitar a súa inclusión no novo Bono Social.

O Bono Social eléctrico protexe ás familias numerosas e ós fogares con baixos ingresos con descontos na factura.

A documentación a presentar para solicitalo, si é de que non se posúe, varía en función da situación persoal de cada usuario.

Os interesados poden dirixirse ás Oficinas Municipais para solicitar maior información.



Recomendacións preventivas de actuación en traballos forestais

Vespa asiática (Velutina)

Cada vez é máis habitual a presenza da vespa asiática (velutina) nos nosos montes, polo que debes telo en conta na planificación dos teus traballos forestais.

1

Antes de empezar os traballos

- _ Realiza un recoñecemento exhaustivo da parcela (árbores, chan, muros, etc.) e comproba que non existen niños de velutina na zona.
- _ Ten en conta que os niños que están no medio das silveiras ou entre o mato soen ser máis difíciles de detectar.

2

Se atopas un niño de velutina

- _ Non te achegues a menos de 5 metros do niño.
- _ Non lle provoques danos; non o golpees nin molestes ás velutinas. Lembra que normalmente só atacan ao verse ou sentirse atacadas.
- _ Non apees unha árbore que conteña un niño, ou ben que poida afectar na súa caída a outra árbore que o albergue. Non desbroces silveiras ou matos que conteñan niños.
- _ Avisa a todos os compañeiros de traballo da presenza do niño e sinaliza a zona.
- _ Chama ao 012 e comunícaa.

012)

3

Como actuar no caso dun ataque

- _ Se te atacan fuxe o máis rápido posible e busca un refuxo (vehículos, edificacións, arbustos, cultivos densos como o millo, etc...).
- _ Mentres escapas procura evitar que as velutinas te ataquen nas áreas máis sensibles da cara, como pode ser a zona dos ollos. Tamén teñen tendencia a picar na parte de atrás do pescozo polo que se recomenda protexer esta zona coas mans ou roupa.
- _ Non tentes eliminar as velutinas nin axitar os teus brazos para espantalas. As velutinas son atraídas polos movementos bruscos e as que son esmagadas emiten un cheiro que atrae máis velutinas.
- _ Se ves que alguén é atacado por velutinas, non te achegues para axudalo. Chama ao número de emerxencias (112) onde te informarán de como debes actuar e avisarán aos medios de emerxencia para que se trasladen ao lugar se é preciso.

Lembra: as persoas alérxicas deben levar sempre consigo a medicación necesaria para administrarse en caso de picaduras.



(> 112)
EMERXENCIAS
GALICIA

! Alpify

Edita: Issga. Autora: Xosé Luis do ISSGA, Conternadora Gallega. Erice e Finca, membros do grupo de traballo do sector forestal do Issga.

ISSGA
INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

galicia



XUNTA
DE GALICIA

Día da Familia



1 de setembro en O Telleiro, Paderne

*A partires das 13:30 h ven coa túa
familia e amigos*

*Fai a túa reserva de praza ata
o 27 de agosto
CHAMA !!!*

*Haberá caza e viño para degustar
E, á noite, queimada*



AIXA ROMAY

**CHARANGA
DGT**

CORAL LEMBRANZAS

**Xogos - inchable - Festa da
espuma**

Clausura das Aulas de Conciliación

O vindeiro día 31 de agosto e en horario de mañá, clausúranse as Aulas de Conciliación que durante a tempada de verán, os meses de xullo e agosto, estiveron funcionando no baixo da Casa do Concello dando así un importante servizo ás familias con menores de entre 3 e 12 anos nas que os seus proxenitores traballan.

Ese día, e como xornada de despedida, os pequenos van a poder disfrutar de actividades diversas dentro do programa "Ler conta moito".

